

# COMITÉ GALEGO DE TRANSPORTE

D. Alberto Núñez Feijoo  
Sr. Presidente da Xunta de Galicia  
Edificio Administrativo de San Caetano, s/n  
Santiago de Compostela

Santiago de Compostela a 9 de febreiro de 2021.

Estimado Sr. Presidente:

O Comité Galego de Transporte ten tomado, entre outros o acordo de dirixirse a vostede para trasladarlle a preocupación das empresas do sector, polas difíciles condicións en que o persoal de condución se ve obrigado a prestar servizo nestes tempos de pandemia.

Neste Comité Galego entendemos que non abonda recoñecer, mediante declaracións institucionais que a actividade do transporte ten a condición de esencial para a poboación, nin con agradecer que incluso nos momentos máis difíciles, sen axuda algunha, se dese resposta ao cen por cen dos servizos solicitados, senón que os poderes públicos teñen a obriga de protexer a saúde e condicións de prestación dos servizos dos traballadores que fan posible que este servizo público, adoptando medidas a prol de que a súa actividade se poida desenvolver nunhas condicións minimamente dignas.

Neste sentido, o Comité Galego de Transporte, considera necesario que mentres dure esta situación se garanta:

1. Que o persoal de condución de vehículos pesados de carga completa, non participen nas actividades de carga e descarga dos camións de transporte de mercadorías, evitando o seu contacto con persoal das empresa de orixe ou destinatarias das mercadorías.
2. Que nos parques empresariais, na rede principal de estradas e nas vías de alta capacidade que discorren polo territorio de Galicia se autorice apertura de establecementos de hostalería que presten servizo ( duchas, aseos, restauración) a o persoal de transporte de mercadorías.


Con dito fin proponse:

## COMITÉ GALEGO DE TRANSPORTE

- a) Que se autorice a expedición de comida para levar así como a consumición desta no interior do local :  
A consumición no interior solo podería realizarse de modo individual e sentado (nunca en barra), garantindo en todo caso as demais medidas de seguridade xenéricas contra a Covid-19 (distancia social, uso de desinfectantes, etc.).
- b) Que este servizo sexa exclusivamente para os traballadores do transporte:  
As empresa que presten este servizos viran obrigadas a comprobar que os usuarios teñen a condición de traballadores do transporte e estes deberán acreditar a súa condición de tales, mostrando algún documento que así o acredite (proponse a tarxeta CAP de condutor profesional).
- c) Que as empresas interesadas fagan unha comunicación previa a sanidade da súa vontade de prestar estes servizos:  
Os establecemento de hostalaría e restauración que desexen prestar estes servizos mínimos aos profesionais do transporte, máis aló da limitación horaria que no seu respectivo concello estea establecida en cada momento pola autoridade sanitaria, deberá obrigatoriamente enviar unha comunicación previa a un correo electrónico habilitado ao efecto pola Consellería de Sanidade manifestando:
- a súa intención de ofrecer estes servizos mínimos a condutores nun horario máis prolongado, especificando este, e
  - identificando o nome do establecemento e a súa localización.
- d) Que se prohiba expresamente a venta de bebidas alcohólicas.
- e) Que se de cumprimento escrupuloso as normas de limpeza e desinfección, en especial dos espazos comúns, fundamentalmente aseos e duchas.

Na confianza de que, sendo vostede consciente das difíciles condicións de traballo deste persoal, que pasa fora do seu domicilio en moitas ocasións toda a semana ou incluso máis días, dará unha acollida favorable as propostas formuladas.

Reciba un cordial saúdo.

  
O Secretario do Comité  
J. Carlos Garcia Cumplido